



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE BETANZOS PARA A MELLORA DO PARQUE INFANTIL DO PASATEMPO: INSTALACIÓNS DE XOGOS ADAPTADOS.

1.- Competencia

Esta Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en virtude do establecido no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

2.- Antecedentes

A colaboración entre este departamento e o concello de Betanzos encadrase na continuada colaboración entre a Consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e actuacións en materia de entornos urbanos. Pola súa finalidade, esta actuación esta comprendida dentro do obxectivo estratéxico **“Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”**

3.-Finalidade

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: **“Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”**.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Betanzos o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2017.

4.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Betanzos, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes no **“mellora do parque infantil do Pasatempo: instalación de xogos adaptados”**.

5.- Fundamentos do instrumento convencional

O Concello de Betanzos trata de promover unha actuación consistente no **“mellora do parque infantil do Pasatempo: instalación de xogos adaptados”**.





O Plan hurbe 2014-2017 está incardinado nunha acción global da Xunta en clave de complementariedade con outras accións de equilibrio territorial, tales como o Plan MOVE, de mellora da mobilidade e accesibilidade dos galegos e das galegas, ou as axudas outorgadas aos entes locais para o desenvolvemento de diversos servizos da súa competencia.

O parque infantil do Pasatempo sitúase dentro do recinto do denominado parque enciclopédico do Pasatempo, o cal foi concibido como un espazo dedicado ao descanso e goce, a distraer, ilustrar e sorprender, constituíndo un importante elemento de promoción da cidade de Betanzos.

O Parque infantil sitúase no lado este do ámbito do Pasatempo, ocupando unha superficie aproximada de 3.400 metros cadrados, sendo a superficie destinada á zona de xogos infantís de 1.380 metros cadrados: Esta superficie atópase pavimentada con caucho continuo nas zonas onde se sitúan os xogos, e con lastra de cor vermella no resto. Os xogos distribúense en catro zonas pavimentadas con caucho, agrupados en función das idades.

As cidades e municipios deben de garantir o xogo a todos os nenos, independentemente da súa condición física, social e económica. Non en balde, o dereito ao xogo e á non discriminación está recollido na Convención sobre os Dereitos do Neno das Nacións Unidas.

A finalidade desta actuación consiste na mellora do parque máis emblemático do municipio, co obxecto de conseguir un espazo integrador, incluíndo elementos que conviden ao xogo compartido, onde o máis importante é que os nenos se atopen nunha contorna amable onde poidan interactuar de forma natural, sendo moi positivo o contacto entre todo tipo de menores.

Trátase basicamente da instalación de xogos adaptados e reubicación dos xa existentes, así como a mellora dos pavimentos e dos elementos delimitadores dos ámbitos das zonas de xogo.

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: **“Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”** contida nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto





no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2017. María Encarnación Rivas Díaz, Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

